



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NO MARCO DO PROXECTO “PEL EMPREGO SUSTENTABLE NO ÁMBITO RURAL”, COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO A TRAVÉS DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO, FORMACIÓN E EDUCACIÓN (AP_POEFE).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral, formalizou coa Deputación da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura, 10 de maio de 2021, ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional, ten por obxecto a acreditación da formación por parte da Consellería de Emprego e Igualdade, da formación que se imparte pola Deputación Provincial da Coruña.

No convenio recóllense as características e condicións dos programas das competencias clave e das especialidades impartidas, conducentes á obtención dos diplomas e os certificados de profesionalidade, respectivamente, para que o alumnado participante nas mesmas, que finalice con avaliación positiva os módulos formativos e os programas asociados a cada un destes, poida acceder á súa expedición por parte da Xunta de Galicia.

O obxectivo da formación que se desenvolve é proporcionar ás persoas que nela participen unha cualificación profesional que lles permita acceder con mellores condicións de empregabilidade ó mercado laboral, obxectivo que é compartido pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades que asinaron o convenio, en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou, fundamentouse no seguinte:





Que entre as competencias que en materia laboral lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao establecido no artigo 29.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, está a da promoción do emprego, a formación profesional ocupacional e a formación profesional para o emprego tendo atribuído o seu exercicio a Consellería de Emprego e Igualdade de conformidade co establecido no Decreto 69/1993, de 10 de marzo, de asunción e asignación das funcións e servizos transferidos en materia de cualificación profesional e promoción da empregabilidade.

Que o Decreto 215/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, atribúe á Dirección Xeral de Formación e Colocación competencias en materia laboral e de políticas activas de emprego, formación e colocación.

Que, no mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a dirección e xestión das funcións atribuídas á consellería en materia de formación para o emprego.

Que os intereses converxentes das partes que asinaron o dito instrumento exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A directora xeral de Formación e Colocación

Zeltia Lado Lago

